

XXIV Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos 2016

Bases

1. O obxectivo do XXIV Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos 2016, que se realiza con carácter bianual, é dar testemuño do dinamismo e pluralidade da gráfica actual dende a perspectiva da arte contemporánea múltiple e seriada.

Esta convocatoria constitúe, así mesmo, unha oportunidade para a consolidación e enriquecemento dos fondos de arte do Centro Torrente Ballester.

O carácter de convocatoria pública ven dado pola publicación das bases no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e na páxina web www.ferrol.es.

2. Condicións de participación.

- Poderán participar no certame artistas de calquera nacionalidade e país de residencia.
- O certame está aberto a todos os procesos gráficos tradicionais ou experimentais, incluídos os dixitais, o vídeo, a fotografía e a instalación, con intervencións directas ou combinadas con calquera outro procedemento, sen condicións de tamaño. Admítense polípticos, obras seriadas, probas únicas, variacións...
- **Cada participante poderá presentar de 2 a 6 obras pertencentes a unha mesma familia ou serie, ou unha soa obra seriada completa formada por varias pezas.**
- Non poderán concorrer ao premio os gañadores das cinco convocatorias anteriores.
- Non se admiten obras premiadas noutros certames nin realizadas antes do 2010.
- Os candidatos enviarán ao correo electrónico premiomr@ferrol.es, **do 15 ao 30 de marzo de 2016**, a seguinte documentación:
 - O formulario debidamente cuberto e **asinado**
 - Fotografías das obras. Formato JPEG (de 500 KB a 1 MB máximo cada unha).
 - Nos pés de foto indícase: apelidos, nome e número da obra correspondente á lista do formulario.
 - Un *currículum vitae* resumido e unha breve explicación das obras (en galego, castelán, inglés ou francés). Todo nun máximo de dúas páxinas.
 - Indícase se as obras presentadas son obras únicas ou editadas, ou se se poden editar.

3. Premio

Concederáse un único premio de 7000€ (impostos engadidos).

O xurado poderá outorgar unha ou varias mencións honoríficas.

4. Selección

- Nomearase unha comisión, que estará formada por persoas especializadas e que realizará unha selección dos dossieres dixitais e propondrá claramente os números das obras seleccionadas que, según o seu criterio, reúnan a calidade suficiente para ser valoradas polo xurado do premio.
- A relación das obras seleccionadas darase a coñecer **antes do 30 de abril** a través da páxina web www.ferrol.es. O candidato seleccionado recibirá ademais un correo electrónico.
- **Todas as obras seleccionadas formarán parte da exposición así como do catálogo que se realice desta, e terán opción ao premio.**

5. Envío das obras seleccionadas

- Soamente se enviarán as obras seleccionadas.
- As obras seleccionadas poderanse enviar montadas sobre soporte ríxido, enmarcadas con metacrilato ou sen enmarcar. Neste último caso a organización definirá un sistema para presentar as obras e poderá consultar co artista as súas preferencias.

Ao dorso das obras indícase:

- Apelido/s e nome
- Título da obra
- Técnica/s
- Ano de realización

- Valor da obra en euros
- Sentido de posición da obra
- En caso de obra editada, indicar o número da tirada.

Achegarase o formulario impreso, datado e asinado, así como un CD con fotografías das obras enviadas en alta resolución (300 ppp).

-No canto do transporte, enviarase todo por correo postal ou transporte privado, en soporte ríxido ou tubo reutilizable.

-Nos envíos dende o estranxeiro, indicarse sobre o paquete: "Impresos para exposición temporal / sen valor comercial". A organización non se fai responsable de ningunha obra retida na aduana.

-Os gastos de envío correrán por conta do participante. A devolución correrá a cargo da organización do certame. As obras estarán aseguradas unicamente durante o tempo que dure a exposición. A organización non se fará responsable dos danos sufridos polas obras durante o transporte (ida ou volta).

-As obras deberán remitirse ao Centro Torrente Ballester de Ferrol no período que abrangue **entre o 16 e o 30 de maio de 2016**, ambos inclusive. No exterior constará:

24 PMR Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos

Centro Torrente Ballester

Rúa Concepción Arenal, s/n

15402-Ferrol (A Coruña)

España

6. Selección do premio e das obras para a exposición

-O xurado estará formado por un presidente, que será o concelleiro delegado de Cultura, unha secretaria funcionaria do negociado de Cultura, que actuará con voz e sen voto, e catro vogais seleccionados entre personalidades de recoñecido prestixio no campo das artes.

-A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade a súa reunión, na páxina web www.ferrol.es, co fin de que se poidan interpoñer os recursos legais pertinentes.

- O xurado propondrá ao autor premiado de entre as obras seleccionadas.

- O xurado resérvase o dereito de que o premio quede deserto. As decisións do xurado son inapelables.

- O ditame do xurado darase a coñecer no acto de inauguración da exposición e publicarse na páxina web www.ferrol.es.

- **A exposición terá lugar do 10 de xuño ao 10 de setembro de 2016.**

- Editarse un catálogo da exposición. Os participantes seleccionados autorizan á organización a reproducir as obras no catálogo con fins promocionais, asegurando que estas obras están libres de calquera tipo de canon ou dereito de reprodución.

- Cada participante seleccionados recibirá un catálogo.

7. A/s obra/s premiada/s pasarán a formar parte dos fondos do Centro Torrente Ballester.

8. A presentación das obras ao premio implica a total aceptación destas bases por parte dos artistas participantes. **Non se aceptarán candidaturas acompañadas dun formulario non asinado.**

Ferrol, 11 de febreiro de 2016

O concelleiro delegado de Cultura, Educación e Universidade

Jesús Basterrechea López

Formulario

Apelido/s Nome Pseudónimo
 Enderezo postal
 País Lugar/data nacemento
 Tel. E-mail

Ficha técnica das obras:

nº	Título das obras pertencentes a unha mesma serie ou familia (mínimo 2, máximo 6)	Procesos utilizados detallados No seu caso: colaboración técnica/obradoiro	Indicar: Obra única, obra editada, nº tirada ou se se pode editar	Tamaño Soporte/Imaxe Altura x base	Ano
1					
2					
3					
4					
5					
6					

En caso de presentar unha única obra seriada

Se é necesario, engadir unha ficha técnica completa adxunta e unha fotografía da presentación expositiva

Título da obra Indicar o número e tipo de pezas	Procesos utilizados detallados No seu caso: colaboración técnica/obradoiro	Indicar: Obra única, obra editada, nº tirada ou se se pode editar	Tamaño das pezas e tamaño total	Ano

(Poñer un x en todos os)

XUNTO:

- fotografías dixitais das obras/indicar en cada unha:
apelido/s_ nome_ número da obra

(para a preselección, por e-mail, formato JPEG entre 500 kB e 1MB/para a 2ª selección, en CD, formato JPEG ou TIFF, 300 ppp)

- un currículo resumido e una breve explicación das obras (total: máximo 2 páxinas)

DECLARO:

- que non fun premiado nas cinco anteriores convocatorias deste certame

AUTORIZO
:

- que as obras presentadas non foron premiadas noutro certame, nin realizadas antes do 2010
 - á organización a reprodución das miñas obras para a edición do catálogo e páxina web
 - e aseguro que estas obras están libres de calquera tipo de canon ou dereito de reprodución
- ACEPTO: todos os puntos desta convocatoria

Lugar:

Data:

Sinatura:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE FERROL